

**GALEGO**

**PROGRAMA-CALENDARIO**

CURSO

**OS OLLOS NON QUEREN PECHARSE**

**Persistencias e resistencias da mirada na historia do cine**

14 outubro 2014 – 19 maio 2015

---

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Lugar: salón de actos

Horario: martes, de 19.30 a 21.00

Docente: José Manuel López, coa colaboración de relatores convidados nalgunhas das sesións

PRAZAS LIMITADAS. INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA a partir do 9 de setembro



A historia da humanidade é tamén a historia da mirada. Da luz das estrelas ás sombras das cavernas, o ser humano tratou sempre de ver *alén*, de transcender a súa realidade cotiá. E coa súa insaciable pulsión escópica, coa súa resistencia a pechar os ollos, naceron tamén a ilusión, o soño e a fantasía: o desexo, en definitiva. O cinema chegou moito despois como a prolongación natural dese desexo.

Este curso formúlase como unha pequena e parcial historia da mirada a través de películas e cineastas que se resisten a pechar os ollos, que se rebelan e nos revelan novas maneiras de ver e de dar a ver, ampliando así noso *imaxinario*. De Alfred Hitchcock a Werner Herzog; do melodrama dos anos corenta ao *thriller* dos setenta; de Jean Vigo, Jean Epstein e Jean Cocteau ao cinema experimental dos sesenta; de Yasujiro Ozu e John Ford a Philippe Garrel e Maurice Pialat; do cinema-ensaio ao cinema asiático contemporáneo; ou de Dziga Vértov a Luis Buñuel, que seccionou a mirada inocente do público coa mítica imaxe da navalla cortando un ollo. Esas miradas afiadas, abertas en canle, son as que buscaremos neste curso; miradas que, en ocasións, foron paradoxalmente veladas pola historiografía oficial e ás que trataremos de *dar luz*. Porque como dicía Jean-Luc Godard nas súas *Histoire(s) du cinéma*, ás que dedicaremos unha sesión, “o cinematógrafo nunca quixo producir un acontecemento senón, en primeiro lugar, unha visión”.

### Prezo de matrícula:

- 180€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa credencial), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.
- Descontos especiais por inscrición en 2 e 3 cursos.

NOTA: para este curso estanse a xestionar solicitudes de recoñecemento de 2 créditos de libre elección (Universidade de Vigo), e horas de formación permanente do profesorado (Xunta de Galicia).

---

## PROGRAMA - CALENDARIO

NOTA: durante a tempada 2014-15, por coincidir con festivos e outros eventos, non haberá curso os seguintes martes: 11 e 25 de novembro, 9, 23 e 30 de decembro, 6 e 13 de xaneiro, 31 de marzo.

### Sesión 1 (martes 14 outubro)

PRESENTACIÓN

**O ollo da cámara (ou o cinema como pulsión escópica)**

### Sesión 2 (martes 21 outubro)

**Entre unha imaxe e outra imaxe: a sintaxe sentimental do cinema**

Que acontece entre unha imaxe e outra imaxe? Chega unha imaxe a converterse realmente noutra durante un fundido encadeado? Consegue realmente a “cámara lenta” demorar o tempo? Desprázase a nosa mirada durante un travelling? Nesta sesión faremos un percorrido polas “marcas visuais” máis recoñecibles da linguaxe cinematográfica e a súa capacidade non só expresiva senón tamén poética e sentimental.

**Sesión 3** (martes 28 outubro)**Entre un son e unha imaxe: a audiovisión**

Os cineastas de vangarda insistiron na natureza visual do cinema: “A imaxe éo todo”, chegou a dicir Fernand Léger, pero a chegada do son cambiouno todo. “O cinema sonoro inventou o silencio” (Bresson) porque, por vez primeira, a ausencia ou a presenza do son era unha elección en mans do creador. Da man do teórico Michel Chion, nesta sesión achegarémonos a aqueles cineastas que colocan ao son —incluída a voz— ao mesmo nivel expresivo que a imaxe.

**Sesión 4** (martes 4 novembro)

## FORMAS QUE PENSAN I

**Os ollos da curuxa: a axexante tradición do cinema-ensaio****Sesión 5** (martes 18 novembro)

## FORMAS QUE PENSAN II

**Que cada ollo negocie por si mesmo: *Historia(s)* do cinema de Godard**

Relatora convidada: **Natalia Ruiz**

**Sesión 6** (martes 2 decembro)

## FORMAS QUE PENSAN III

**Imaxes a flor de pel: a autobiografía no cinema****Sesión 7** (martes 16 decembro)**A mirada en construción de José Luis Guerín****Sesión 8** (martes 20 xaneiro)

## A VISIÓN TÁCTIL I

**O acto de ver cos propios ollos: o cinema *underground* de Stan Brakhage, Maya Deren e Jonas Mekas**

**Sesión 9** (martes 27 xaneiro)

## A VISIÓN TÁCTIL II

**A *zona cero* da mirada: Nobuhiro Suwa, o cineasta de Hiroshima**

**Sesión 10** (martes 3 febreiro)

A VISIÓN TÁCTIL III  
**Fomos ficando sós (16 mm Film Performance)**

Cineasta convidado: **Miguel Mariño**

**Sesión 11** (martes 10 febreiro)

**Visións da apocalipse: formas extremas do documental**

**Sesión 12** (martes 17 febreiro)

O ESPELLO DE TRES CARAS I  
**Jean Epstein (1897-1953)**

**Sesión 13** (martes 24 febreiro)

O ESPELLO DE TRES CARAS II  
**Jean Vigo (1905-1934)**

**Sesión 14** (martes 3 marzo)

O ESPELLO DE TRES CARAS III  
**Jean Cocteau (1889-1963)**

**Sesión 15** (martes 10 marzo)

**A mirada elidida: mulleres tras a cámara**

Relatora convidada: **Elena Oroz**

**Sesión 16** (martes 24 marzo)

**Nalgures, aí fóra, estaban os teus ollos: visións espectrais no melodrama dos anos corenta**

A finais da década dos 40 o melodrama norteamericano deu un inusitado xiro cara ao *fantastique* e poboouse de espectros, de amantes capaces de transcender espazo e tempo e mitigar así o gran baleiro e a grande ausencia deixados pola Segunda Guerra Mundial.

**Sesión 17** (martes 7 abril)

**Revelacións (e melancolía) da forma en Yasujiro Ozu e John Ford**

Tokyo e Monument Valley, a contención dos dramas de xente corrente e a épica dos dramas de fronteira, Ozu e Ford, aparentemente tan afastados. Aparentemente. Esta sesión tratará de achegar o cinema destes dous mestres a través de a súa perenne melancolía e da súa constante busca da pureza formal.

**Sesión 18** (martes 14 abril)

**Despois do pestanexo: Jean Eustache, Philippe Garrel e Maurice Pialat**

Que aconteceu no cinema francés despois da grande onda da *Nouvelle Vague* e o maremoto de maio do 68? Entre a inevitable angustia das influencias e a resaca da irrealizada revolución, un grupo de novos directores buscaba a súa propia voz e a súa propia mirada, e tamén as da súa xeración.

**Sesión 19** (martes 21 abril)

**Un espazo fantasma: mirada, cinema e foto surrealistas**

Relator convidado: **Alberto Ruiz de Samaniego**

**Sesión 20** (martes 28 abril)

**Visións do absoluto: o cinema de Terrence Malick**

**Sesión 21** (martes 5 maio)

**A pantalla opaca: o *thriller* norteamericano dos anos setenta**

**Sesión 22** (martes 19 maio)

**Os ollos sen rostro: o esvaecemento do corpo do actor no cinema contemporáneo**

**Sesión 23** (martes 26 maio)

**A ollada errante: a modernidade europea no cinema asiático contemporáneo**

NOTA: este programa xeral pode sufrir variacións nas súas datas e contidos, en función da dispoñibilidade dos relatores e do propio desenvolvemento do curso.